

Detecção e Diagnóstico

CALENDARIO 2023



autismoGALICIA
#DiagnósticoAutismo

CG
autismoGALICIA

**XUNTA
DE GALICIA**

CONSELLERÍA
DE POLÍTICA
SOCIAL





Xaneiro 2023

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

DIAGNÓSTICO

O TEA acompaña á persoa ao longo da súa vida e atinxe, fundamentalmente, a dúas áreas do funcionamento persoal: a comunicación e interacción social, e a flexibilidade do comportamento e do pensamento, sobre as que se realiza o diagnóstico.

DIAGNÓSTICO

"Desde moi neno sempre me sentín diferente, estraño ante a miña contorna, sendo as miñas maiores debilidades as relacións e as habilidades sociais.

No momento en que tiveron o diagnóstico nas miñas mans, por primeira vez tiveron resposta ás incógnitas que me acompañaban desde que teño memoria.

Foi renacer, comezar de novo e afrontarse á realidade baixo unha nova perspectiva."

Miguel Angel Jaimes Linares,
a súa familia e amigos.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Febreiro 2023

DIAGNÓSTICO

Algunhas persoas no espectro do autismo chegan á vida adulta sen ser diagnosticadas: principalmente, aquelas que non teñen discapacidade intelectual, que presentan habilidades lingüísticas adecuadas ou cuxas manifestacións clínicas preséntanse de maneira máis sutil, o que coñecemos tradicionalmente como Síndrome de Asperger.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | | | | | |

DIAGNÓSTICO

"O diagnóstico foi un alivio, comezamos no 1990, cun especialista que valorou a Katia por fotos.

Levounos 10 anos ter o diagnóstico definitivo, anos de loita, moitos gastos para a familia, e problemas traumáticos.

Despois de moitas voltas, un especialista de Barcelona, remitiunos a un estudo neurolóxico e cromosómico en Santiago, estudaron a toda familia.

Agora Katia é feliz coa súa vida na residencia, ten unha atención inmejorable e persoal, e desfruta moito das actividades na compañía das outras persoas da residencia. Aínda que me preocupa moito o seu futuro"

Cruz Vila Domínguez, madre de Katia Castro Vila, e a súa familia.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Marzo 2023

DIAGNÓSTICO

Debemos repensar o autismo dende unha perspectiva de xénero e sexo, e ter en conta as características específicas que presenta o autismo nas nenas, adolescentes e mulleres con TEA, xa que o retraso na súa detección e diagnóstico incrementan o risco de experimentar situacións que poden comprometer a súa calidade de vida.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | 31 | | |

DIAGNÓSTICO

"Para a nosa familia recibir o diagnóstico de TEA da nosa filla Angie Nicole, foi algo que levábamnos moito tempo esperando. Aos dous anos empezou a falar e a desenvolver a súa linguaxe dunha maneira moi diferente aos demais nenos.

Tamén seguía ao seu propio ritmo no desenvolvemento físico e mental.

Aos tres anos, comezou a mostrar algúns signos de autismo.

Déronnos o diagnóstico cando ela tiña 6 anos, e serviunos para aprender e saber comunicarnos con ela.

Sentímonos moi afortunados de tela nas nosas vidas e estamos seguros de que superará todos os obstáculos que se lle presenten na vida".

Gerlay Delgado León, Anyelie, Angie e Silvia, a súa familia.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Abril 2023

DIAGNÓSTICO

É fundamental garantir o acceso a unha valoración diagnóstica especializada realizada por un equipo interdisciplinar e no menor tempo posible, a todas aquelas persoas que presenten unha sospeita de TEA.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |

DIAGNÓSTICO

Celeste, a nai de Cristian e Adrián, cóntanos:

"Ter o diagnóstico foi unha sorte para poder ver o mundo desde outra óptica moito mellor que a convencional".

Para Cristian e Adrián:

"Ter o diagnóstico axudounos a coñecernos mellor e a comprender a nosa forma de ser. Tamén nos axudou a empatizar con outras persoas que comparten o mesmo diagnóstico que nós, o cal nos fai ser únicos."

Celeste Iglesias, e Cristian e Adrián Masid Iglesias.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Maio 2023



DIAGNÓSTICO

Os primeiros signos son detectados maioritariamente na familia (67%), que debe poder contar con unha atención e derivación precoz ante estes sinais.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 |
| 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 |
| 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 |
| 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 |
| 29 | 30 | 31 | | | | |

DIAGNÓSTICO

"Luís ten agora 43 anos, pero naquela época non se escoitaba falar de autismo, non se sabía o que era. Eu notaba que pasáballe algo, e decíallo ao pediatra que nos contestou: xa falará cando chegue á mili...

Con 4 anos no colexio déronse conta e derivárono a un centro de psicoloxía e alí dixéronnos que era autista, e empezou o periplo de neurólogos, centros especializados...

O diagnóstico axudoume, pero eu non sabía o que era o autismo.

Tivemos un pouco de esperanza, pero logo démonos conta de que era unha condición para toda a vida.

Agora Luís está nun centro onde recibe todos os apoios necesarios, moi atendido e feliz".

Mercedes Varela,
nai de Luis Díaz Varela, e familia.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



DIAGNÓSTICO

No desenvolvemento infantil temperá existen unha serie de fitos que os bebés van adquirindo conforme maduran e interactúan coa contorna. Cando algúns deles non aparece ou o fai de maneira atípica ou moi tardía, convén atender especialmente a algúns posibles indicios de TEA.



Xuño 2023



| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 |
| 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 |
| 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 |
| 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | | |

DIAGNÓSTICO

"O meu fillo Jimmy naceu no ano 1972.

Daquela non se coñecía o autismo e as poucas ideas que había eran erróneas; por iso ás familias con fillos/as con autismo chamábanos "viaxeiras" porque tiñamos que andar buscando dentro e fóra do noso país a alguén que nos dera un diagnóstico.

Hoxe as cousas cambiaron, e as familias podemos estar tranquilas porque xa hai redes de servizos de apoio sen ter que pensar en facer as maletas e mudarse".

María José Ferradáns Villar,
nai de Jimmy.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Xullo 2023



DIAGNÓSTICO

O TEA non leva asociado ningún trazo físico que o distinga.

Só se manifesta a nivel das competencias cognitivas da persoa e do comportamento.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | | 1 | 2 |
| 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 |
| 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 |
| 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 |
| 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 |
| 31 | | | | | | |


DIAGNÓSTICO

"Luís, o meu fillo, ten 32 anos, foi diagnosticado aos 12 anos, non por desidia da súa familia; despois dun longo e custoso periplo onde escoitei de todo, menos TEA, facéndonos perder un valioso tempo.

Creín que os tempos cambiaran, que agora todo sería máis fácil, que as institucións estarían máis concienciadas, pero aquí seguimos, loitando por conseguir algo aparentemente tan sinxelo como un diagnóstico temperá, e algo tan obvio como a aceptación dun mundo cheo de diversidade.

Sen diagnóstico non hai aprendizaxe adecuada e a angustia das familias prolóngase innecesariamente".

María Núñez Jalda, nai de Luis.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Agosto 2023



DIAGNÓSTICO

Non hai dúas persoas con TEA iguais, todas teñen os seus propios intereses, capacidades e necesidades, aínda que compartan un mesmo diagnóstico.

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 |
| 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 | 13 |
| 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 | 20 |
| 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 | 27 |
| 28 | 29 | 30 | 31 | | | |



DIAGNÓSTICO

Marifa Caparrós soubo que tiña Trastorno do Espectro do Autismo aos 44 anos, a raíz do diagnóstico do seu fillo de 8 anos.

Isto axudouna a comprender moitas cousas sobre ela mesma ás que nunca conseguira dar explicación:

"Que che diagnostiquen á miña idade é como que che entreguen o manual de instrucións cando o moble xa está armado.

Afortunadamente, as crianzas que reciben un diagnóstico temperá contan coas ferramentas que a min no seu día me gustaría ter."

Marina Caparrós,
e a súa familia.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Setembro 2023

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | |

DIAGNÓSTICO

Ás veces, o TEA é difícil de identificar, sendo preciso unha avaliación multidisciplinar de profesionais con formación especializada da medicina, psicoloxía, educación, etc.



DIAGNÓSTICO


"Chámome María e teño 21 anos. Durante toda a miña vida, sempre fun a 'diferente', aínda que eu concentrei todos os meus esforzos en verme e actuar como os demais. Sufrín acoso escolar durante anos.

As sospeitas acerca de que eu tivese TEA déronse durante a miña adolescencia, pero eu cría que non tiña importancia recibir un diagnóstico. Con todo, equivocábame.

Ter o diagnóstico si era transcendente. Non só polas axudas ás que podería optar, senón tamén para asumilo dunha vez por todas. Gustaríame animar a todas as persoas en xeral con TEA a non ter medo de abrirse ao mundo.

Mándovos un bico e os meus mellores desexos".

María Losada Vázquez





Outubro 2023

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | | | 1 |
| 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 |
| 9 | 10 | 11 | 12 | 13 | 14 | 15 |
| 16 | 17 | 18 | 19 | 20 | 21 | 22 |
| 23 | 24 | 25 | 26 | 27 | 28 | 29 |
| 30 | 31 | | | | | |

DIAGNÓSTICO

Un diagnóstico tardío ou incorrecto pode impedir que se reciban os apoios adecuados e dificulte o desenvolvemento das competencias persoais e de estratexias positivas de afrontamento da vida cotiá.

DIAGNÓSTICO

"Diagnóstico é saber a linguaxe nova que has de aprender.

É aprender a poñerte no seu lugar, visibilizando a nosa diversidade, cada un de nós temos a sorte de ser únicos.

Buscamos un diagnóstico e só obtivemos unha sentenza, buscamos un por que? e achamos dor, buscamos unha cura e démonos conta de que a nosa filla non debía ser curada de si mesma porque non podería existir outra Paula que non fose ela.

Entón, o diagnóstico serviu para comezar a nosa cura sen reproches nin porqués".

Conchi Muíña Romay, nai de Paula e a súa familia.



#DiagnósticoAutismo #PorTiTEA



Novembro 2023

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
| 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| 13 | 14 | 15 | 16 | 17 | 18 | 19 |
| 20 | 21 | 22 | 23 | 24 | 25 | 26 |
| 27 | 28 | 29 | 30 | | | |

DIAGNÓSTICO

As características nucleares do TEA son específicas, aínda que ás veces aparecen asociadas a outras condicións como a discapacidade intelectual, trastornos da linguaxe ou problemas de saúde mental.



DIAGNÓSTICO

"En plena pandemia, cambia totalmente a nosa vida cando, despois dunha entrevista telemática cométtannos que Quique ten varias alertas de TEA.

É tanta a incerteza, aínda que teñas un diagnóstico pechado, que imaxínate se non o chegas a ter, e non saber por onde empezar para axudar ao teu fillo. Non nos considerabamos unha familia vulnerable ata que entramos nesta loita, constante, sempre con moitas fronteas abertas, incerteza. O que nos dá forzas para continuar loitando é precisamente el. Os esforzos que el fai día a día, minuto a minuto, non se poden comparar ao que nós como familia facemos.

Sentímonos moi afortunados de telo e aprender de el cada día.

É todo un exemplo de esforzo".

Ana Fraga, nai de Quique e o seu pai.





Decembro 2023

| Luns | Martes | Mércores | Xoves | Venres | Sábado | Domingo |
|------|--------|----------|-------|--------|--------|---------|
| | | | | 1 | 2 | 3 |
| 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 |
| 11 | 12 | 13 | 14 | 15 | 16 | 17 |
| 18 | 19 | 20 | 21 | 22 | 23 | 24 |
| 25 | 26 | 27 | 28 | 29 | 30 | 31 |

DIAGNÓSTICO

Escoitar ás propias persoas con TEA é a clave de acceso ao coñecemento necesario tanto para unha detección precoz como para facilitarlles os apoios que precisen.

DIAGNÓSTICO

"O diagnóstico foi a porta que se abriu cara a un futuro no que saberíamos buscar os apoios necesarios".

Yolanda e o pai de Adri, escriben contos para os seus fillos para que o irmán maior, cando sexa adulto, entenda mellor o seu pasado e comprenda así o seu presente:

"...Agora Adri non é tan pequeno, pero non sabe falar, ás veces queda quieto e mira cara ao ceo e aínda que eu lle diga algo, el non me ve, outras veces estira os brazos coma se quixese voar. Pero sabes unha cousa? Non lle asustan os ruídos fortes porque el rise unha chea..."

Yolanda Cendón, nai de Adri e Anxo, e o seu pai.



CALENDARIO 2023

Detección e Diagnóstico



#PorTiTEA

Recibir un diagnóstico temperá é importante para que as persoas poidan acceder canto antes a apoios e servizos especializados, sobre todo na infancia, cando recibir atención temperá é unha necesidade fundamental.

Algunhas persoas no espectro do autismo chegan á vida adulta sen ser diagnosticadas: principalmente, aquelas que non teñen discapacidade intelectual, que presentan habilidades lingüísticas adecuadas ou cuxas manifestacións clínicas se presentan de maneira máis sutil.

En xeral, canto antes se identifique e se interveña sobre o TEA, mellor será o prognóstico e a calidade de vida para as persoas que o presentan.

Un diagnóstico tardío ou incorrecto pode impedir que se reciban os apoios adecuados e dificulta o desenvolvemento das competencias persoais e de estratexias positivas de afrontamento da vida cotiá.



autismoGALICIA
#DiagnósticoAutismo

